

O MUNDO DO MAR SEGUNDO A TRADICIÓN ORAL

CORTE Nº 6 CINTA 1



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

NOME DO DOCUMENTO:

MPG_SaVi_0001_006_en_0_53_57_id499_D

AUDIO DE REFERENCIA:

MPG_SaVi_0001_006_en_0_53_57_id499.mp3

INFORMACIÓN DA ENTREVISTA

Esta ficha recolle o sexto corte dos que se divide a primeira das 11 entrevistas realizadas a Antonio José Bernárdez Villaverde por Xosé C. Villaverde Román durante o verán de 1992 na zona de Moaña. A entrevista trata sobre a arte do mediomundo e algúns aparellos como as nasas, os ganapáns ou os rastros.

NOTA DAS EDITORAS

No verán de 1992 Xosé C. Villaverde Román realizou unha serie de entrevistas na zona de Moaña. O obxectivo era recopilar información de primeira man a través de fontes orais sobre os traballos e a vida cotiá no mar en Galicia de cara a publicación dun libro que levaría por título “O mundo do mar segundo a tradición oral”. Os traballos supuxeron todo un exercicio de memoria viva, recopilando unha valiosa información sobre saberes tradicionais do mundo do mar de man das propias persoas protagonistas. O libro nunca se chegou a publicar, non obstante as gravacións orixinais recollidas forman agora parte do APOI, que dispón de tódalas entrevistas realizadas, así como das transcricións e das análises das mesmas feitas e revisadas polos propios compiladores.

Na sede do APOI no Museo do Pobo Galego poden escoitarse as entrevistas completas que eliximos presentar na rede cortadas para optimizar o traballo de busca.

DATOS DO CORTE

- **DATA(S) DE REALIZACIÓN DA ENTREVISTA:** 21 de xullo de 1992
- **INFORMANTE(S):** Antonio José Bernárdez Villaverde
- **RECOLLEDOR (ES):** Xosé C. Villaverde Román
- **COMPILADOR (ES):** Xosé C. Villaverde Román
- **COLECCIÓN:** Santos - Villaverde (SaVi)
- **LOCALIZACIÓN:**
 - Lugar/ aldea/ barrio:** O Carmen
 - Parroquia:** O Carmen
 - Concello:** Moaña
 - Provincia:** Pontevedra
 - País:** Galicia

NOTAS DA TRANSCRICIÓN

As partes do texto onde aparecen puntos suspensivos “...” no medio da conversas correspóndense con partes inintelixibles ou cortadas no audio e polo tanto non se poden transcribir.

Aclaración de termos:

“*Logomallo*”: definición que lle daban os mariñeiros da zona ao limo que soltan os peixes sen escamas, como a solla ou a anguía, e que deixa unha impronta viscosa nas redes.

NOTAS SOBRE A TRANSCRICIÓN DO TEXTO

Transcrición realizada por Xosé C. Villaverde e revisada por el mesmo no ano 2019.

PALABRAS CHAVE

pesca , artes de pesca , marisqueo , marisco , mediomundo , nasa , ganapán , rastro

EDICIÓN DA PRESENTE FICHA: Sara Santalla Iglesias

TRANSCRICIÓN DO CORTE Nº 6 DA CINTA1

P: Co medio mundo ¿collíase marisco ou non?

R: ¿Como?

P: O medio mundo non era para coller marisco.

R: O medio mundo era para engadar o sitio que tes. Dabas fondo nunha zona, máis ou menos que conocías e engadabas, era para o chincho, chincho e buraces como nos Viduidos, por dentro da Illa, por fóra da Illa, buscando as pedras que.. donde paraban os xurelos, e engadabas e ó ter o peixe engadado largabas o medio mundo para abaixo así, despois quedaban os ventos. O medio mundo era este, tiña un vento aquí, outro aquí, outro aquí, outro aquí.

P: Todos os ventos que iban a corda central ¿non?

R: Estes ventos cando halabas para arriba, tiña unhas anillas por aquí todas cerraban a boca para que o peixe non salira, entón o peixe quedaba no fondo da rede. E había veces que quedaba o aparello, en vez de ir para arriba co peixe quedaba preso na pedra, porque moitas veces largaban nas pedras porque o chincho e o xurelo é un peixe que está comendo moito na pedra, acude moito á pedra. Hai outros peixes que collen o fango, o arenisco, pero ese, o xurelo acude moito ó loghomallo pedra. Está nas beiradas da pedras. Cando se fai xurelo grande, ese xa colle altura.

P: Sí, últimamente había moito polas bateas. Ó montar as bateas o chincho iba moito a comer as cordas das bateas. ¿E pa coller o camarón que se usaba, aparte do ganapán?

R: O rastro, sempre se usou o rastro.

P: Sempre se usou, o rastro ¿que ten. ?

R: Sabes por qué, o camarón moitas veces vas a unha batea, e ten nas beiradas no casco... está comendo na basura que ten o barco o camarón ¿non? entón collemos con ese... palangre ou...

P: Co ganapán

R: Non, non colleo a man, pero cunha variña así...pa meterlle a vara, chamanlle ganapán si...

P: Si un ganapán, si.

R: Ahora para recollelo cando ven de..., con mal tempo que acuden de afora das beiradas e iso, poia salen do... escondite que están, acusaos o mal tempo e botannos ó limpio, entón van cos rastrillos, e veñen co esterco, o abono con eles e todo.

P: ¿En canto ás nasas hai diferentes tipos de nasas según para o que se usen non?

R: Muitos tipos de nasas

P: Hai unha nasa para o choco

R: A nasa do choco... pode haber máis de cincuenta tipos de nasas.

P: ¿Si, tantas?

R: Desde o choco hasta o...

P: Hai de choco, hai da faneca...

R: De faneca esas son...

P: Hai do camarón, ou da nécora.

R: Hai de todo.

P: E do lubrigante que son as nasas máis grandes

R: Ese é outro tipo de formación de...

P: De nasas

R: Porque cada unha ten a súa formación, depende do sitio que se vaia a pescar.

P: Era moi grande a do lubrigante, ¿que forma tiña?

R: O lubrigante unha cousa así do tipo de esta mesa...

P: Si, ¿Era cuadrada?

R: Cuadrada si, namais que tiña o aro de arriba e despois a parte de abaixo.

P: Donde tiña a boca de entrada ¿arriba?

R: Non, nos lados

P: Ós lados porque a do choco tamén debe ser alta coma esta mesa máis ou menos ¿non?

R: A do choco tamén entra polos lados. Ten dúas entradas.

P: Ten dúas entradas en forma de cono de embudo.

R: Si, en forma de embudo. Porque tes unha cousa. Porque esas barbas que ten, ten unhas cañitas afiladas e cando o choco entra a comer ou a dormir, porque lle daban rama de pino ¿non?.

P: ¿Come a rama de pino ou tenna para desovar?

R: Sírvelle para desovar, para criar e máis para cobijarse

P: Si

R: Para comer. Comer algún marisco cando lle botan alí cando largas ¿non?. Cando as tiras ó mar. Por arriba é redondo e entran polos lados. E esas ó entrar cérraselle a boca. Van empuxando e vánselle abrindo as patillas esas. Pero ó estar dentro, ó pasar pa dentro, ó querer salir, tropeza nas patillas esas e prenden. Cérraselle a boca.

P: Si, unha trampiña que teñen.

R: Unha trampiña...Pero sí ábrese, pero ó estar dentro o choco e quere salir cérraselle a... Porque para entrar téñense que abrírselle as bocas. As bocas van casi, casi cerradas, máis cerradas que...